

* Continuación do cumprimento das normas de correcta elaboración e control das fórmulas maxistras e preparados polas oficinas de farmacia e servizos de farmacia hospitalarios.

* Programa de estudo e avaliación do reintegro de gastos de produtos farmacéuticos: avaliación da información dispoñible, análise de alternativas aos reintegros, avaliación da circular en vigor.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 25 de setembro de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

Con data do 29 de marzo de 2004 publícase no BOE a Resolución do 18 de marzo de 2004, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, pola que se convocan as axudas do Fondo Social Europeo correspondentes á iniciativa comunitaria Equal II en España.

A iniciativa Equal enmárcase dentro da estratexia europea polo emprego, así como dentro da estratexia integrada a escala comunitaria de loita contra a discriminación e a exclusión social. Ten como misión a de contribuír ao desenvolvemento do emprego impulsando a empregabilidade, o espírito de empresa, a adaptabilidade, a igualdade de oportunidades e o investimento en recursos humanos.

Con data do 17 de xuño de 2004, o Concello de Santiago de Compostela dispuxo presentar a solicitude de participación na convocatoria, e na mesma data o Concello de Santiago de Compostela, a Consellería de Traballo, os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Teo, Val do Dubra, Vedra, a Universidade de Santiago de Compostela, a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, a *Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Santiago*, a *Asociación Plataforma polo Emprego e Caja de Ahorros de Galicia-Obra Social de Caixa Galicia*, subscriben un convenio de colaboración para a constitución da Agrupación de Desenvolvemento para desenvolver o proxecto Compostela Social, Obradoiros de Empresarios para a Inserción Sociolaboral.

A Subdirección Xeral da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, como autoridade de xestión do Programa da iniciativa comunitaria Equal II, con data do 17 de novembro de 2004 resolve aprobar a participación do proxecto Compostela Social, no dito programa para os anos 2005, 2006 e 2007, e con data do 29 de abril de 2005 notificou a aceptación dos documentos que acreditan o cumprimento das condicións de constitución da Agrupación de Desenvolvemento, de revisión do programa de traballo e de axuste do orzamento á cantidade concedida, conforme as instrucións da UAFSE.

A Consellería de Traballo, segundo o disposto no Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é competente no desenvolvemento das políticas activas de emprego en Galicia, e seguindo os principios de complementariedade e transferencia ás políticas xerais daquelas actividades desenvolvidas e validadas dentro do proxecto Equal Compostela Social participa, a través da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como órgano executor de parte das actuacións desenvolvidas no marco do proxecto Equal Compostela Social.

O proxecto Equal Compostela Social ten por obxecto promover o espírito de empresa e a creación de empresas nos concellos participantes, como medio para a incorporación sociolaboral das persoas con máis dificultades de inserción no mercado de traballo.

Este proxecto está cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco da iniciativa comunitaria Equal II, cunha taxa de cofinanciamento do 75%. O orzamento total do proxecto é de 1.329.755,64 euros, sendo a achega do FSE de 997.316,76 euros, e a achega dos socios de 332.438,92 euros.

A Agrupación de Desenvolvemento do proxecto Compostela Social, Obradoiros de Empresarios para a Inserción Sociolaboral, dentro da súa actuación 1.5, destinada a facilitar o acceso dos emprendedores e emprendedoras a sistemas de financiamento, establece a creación dun programa de axudas para o fomento do autoemprego subvencionando tanto a creación e constitución de novas empresas coma o inicio de actividade empresarial como autónomos/as, cun importe total para os anos 2006 e 2007 de 224.000 euros.

A xestión do dito réxime de axudas levarao a cabo a Consellería de Traballo en virtude do acordo da asemblea da Agrupación de Desenvolvemento Compostela Social, do 27 de xuño de 2005, e de conformidade co disposto no artigo 16 do Regulamento de réxime interior da AD, aprobado o 17 de febreiro de 2005.

Neste marco, procede a aprobación das bases reguladoras do programa de axudas á xeración da actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social, que se aplicarán a través das convocatorias para o ano 2006 e 2007.

Por todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, de acordo co informe do Comité de Dirección da Agrupación de Desenvolvemento Compostela Social, na súa xuntanza do 31 de xullo de 2006, e de conformidade coas atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Apróbanse as bases reguladoras do programa de axudas á xeración de actividade no marco do proxec-

to europeo Equal Compostela Social, que se xuntan como anexo I a esta orde, cun período de vixencia para os exercicios 2006 e 2007.

Artigo 2º

Convócanse para o ano 2006 as axudas á xeración de actividade no marco do proxecto europeo Equal Compostela Social. O financiamento destas axudas levarase a cabo con cargo á actuación 1.5 do Programa Equal Compostela Social, polo que a súa concesión estará suxeita á existencia de crédito adecuado e suficiente na dita actuación. No exercicio 2006 as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.241A.470.0, código proxecto 2006 00 563, cun crédito de 168.000,00 euros recollidos na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo do anexo II, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras, no prazo dun mes, que comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional

Única.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias, das que traen causas, ditadas por delegación do conselleiro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2006.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

ANEXO I

Bases reguladoras do programa de axudas á xeración de actividade no marco do proxecto da iniciativa comunitaria Equal Compostela Social

Primeira.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Estas bases teñen por obxecto establecer a regulación do programa de axudas á xeración de actividade no marco do proxecto da iniciativa comunitaria Equal Compostela Social, Obradoiros de

Empresarios para a Inserción Sociolaboral, en réxime de concorrência competitiva, destinadas ao fomento do autoemprego mediante a creación de novas empresas ou iniciando unha actividade como traballadores autónomos.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro; na normativa comunitaria relativa aos fondos estruturais, ao Programa español da iniciativa comunitaria Equal e o seu complemento de programa, e nestas bases.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Segunda.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste programa as empresas de nova creación, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, ou os traballadores autónomos que se constitúan e inicien a súa actividade no marco do proxecto Equal Compostela Social, sempre que cumpran as condicións establecidas nestas bases e os seguintes requisitos:

a) Iniciar a súa actividade a partir do 1 de abril do ano 2006. Para os efectos deste programa entenderase como data de inicio de actividade aquela en que o solicitante cause alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

b) Ter iniciada a actividade e, no caso de persoa xurídica, ter constituída a sociedade co apoio, asesoramento e seguimento do proxecto Equal Compostela Social.

c) Ter o seu domicilio fiscal e social, e o seu centro de traballo nun dos concellos participantes do proxecto Equal Compostela Social (Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Val do Dubra, Vedra e Teo).

d) No caso das persoas físicas, deben ser usuarias do proxecto Equal Compostela Social que estean desempregadas no momento inmediatamente anterior ao inicio da actividade.

e) No caso das persoas xurídicas, cando menos un dos seus compoñentes ten que ser usuario do proxecto Equal Compostela Social, que estea desempregado no momento inmediatamente anterior ao inicio da actividade.

f) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

2. Para os efectos das axudas previstas neste programa, terán a consideración de desempregados/as aqueles que figuren inscritos/as como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios do programa regulado nestas bases as persoas ou entidades nas cales concorran as circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceira.-Financiamento.

As axudas reguladas nestas bases están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco da iniciativa comunitaria Equal II, cunha taxa de cofinanciamento do 75%, e cunha taxa do 25% con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A concesión das axudas previstas nestas bases estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

O pagamento das axudas, cuxa concesión se regula nestas bases, será financiado con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria que se determina no artigo segundo da orde de convocatoria.

Cuarta.-Axudas.

Coa finalidade de apoiar parcialmente o financiamento do inicio da actividade empresarial poderán concederse axudas cunha contía máxima de 4.800 euros, por proxecto empresarial, con independencia do número de beneficiarios que a compoñan.

A contía da axuda poderá acadar o 100% dos gastos subvencionables.

Quinta.-Gastos subvencionables.

1. Terán a consideración de gastos subvencionables os considerados como correntes e de primeiro establecemento realizados durante os catro primeiros meses da actividade, nos seguintes conceptos, excluídos impostos:

-Existencias iniciais de mercadorías: adquisición de primeiras compras de mercadorías, materias primas e outros consumibles de produción.

-Gastos de arrendamentos: locais e/ou equipos.

-Primas de seguros.

-Abastecementos e gastos correntes.

-Gastos de formalización e constitución da sociedade, se é o caso.

2. Estas axudas teñen carácter finalista, polo que o importe da subvención concedida non poderá ser utilizado con outros fins. O investimento en activo

fixo e as axudas directas á contratación de traballadores quedan exceptuadas desta axuda.

Sexta.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as axudas previstas nestas bases, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalle ao director xeral de Promoción do Emprego.

Sétima.-Presentación de solicitudes, forma e prazo.

1. As solicitudes deberán presentarse nun modelo normalizado que figura como anexo II, dispoñible nas oficinas do Programa Equal Compostela Social, e na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo.

2. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiránse ao director xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, e presentaranse nos rexistros xerais dos concellos participantes no proxecto Equal Compostela Social, ou na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo para a presentación das solicitudes será o establecido no artigo 2º da orde de convocatoria.

4. Para a presentación das solicitudes de axudas os beneficiarios contarán co asesoramento e apoio dos técnicos do proxecto Equal Compostela Social, que así mesmo prestarán o apoio necesario para a presentación de solicitudes doutros programas de axudas e subvencións á creación de emprego convocados pola Consellería de Traballo que sexan compatibles.

5. A presentación da solicitude da axuda por parte do interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 250, do 30 de decembro).

6. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter

persoal exerceranse ante o rexistro público da Consellería de Economía e Facenda; edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Oitava.-Documentación.

As solicitudes deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

a) No caso de persoas xurídicas, documento de identidade e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do representante que asine a solicitude.

b) Documento de identidade e acreditación do NIF, se o solicitante é empresario individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.

c) No caso de sociedades, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas ou, de ser o caso, compromiso de constitución e inscrición no período que se estableza na resolución de concesión.

d) Alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda ou, de ser o caso, compromiso de alta no período que se estableza na resolución de concesión.

e) Memoria xustificativa do proxecto empresarial e estudo de viabilidade a tres anos, no modelo normalizado que figura como o anexo IV, que deberá recoller as circunstancias que concorran no proxecto das sinaladas na base décima, e que permitan aplicar os criterios de valoración que servirán de fundamento para a concesión da axuda.

f) Facturas ou, no seu defecto, facturas pro-forma ou orzamento dos gastos subvencionables que se vaian ter en conta para a concesión da axuda.

g) Documento de identidade do empresario/a e dos traballadores.

h) Alta no correspondente réxime da Seguridade Social do empresario/a e dos traballadores ou, de ser o seu caso, compromiso para a xustificación da alta na Seguridade Social no período que se estableza na resolución de concesión.

i) Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego do empresario/a e os traballadores.

j) Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, acreditativo do tempo de permanencia en desemprego, do/a empresario/a e os traballadores.

k) De ser o caso, documentos acreditativos da pertenza a algún dos colectivos de difícil inserción laboral.

l) De ser o caso, copia dos contratos de traballo dos traballadores.

m) Informe de Equal Compostela Social sobre a valoración no proxecto dos requisitos exixidos para formar parte do proxecto Equal.

n) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, segundo o modelo do anexo V, con indicación de que coñece as regras de *minimis* de acumulación de subvencións establecidas no Regulamento CE 69/2001, do 12 de xaneiro de 2001.

ñ) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade bancaria acreditativa de que o solicitante é titular da conta, segundo o modelo do anexo VI desta orde.

Novena.-Instrución e tramitación.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará que desistiu da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Décima.-Criterios obxectivos de adxudicación das axudas.

1. Unha vez comprobada a viabilidade técnica e económica do proxecto, para determinar a concesión e o importe da axuda teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Emprego xerado.

b) Porcentaxe de mulleres no emprego xerado.

c) Contribución á integración de colectivos en situación desfavorable para a integración socio-laboral.

d) Contribución á integración de colectivos en situación ou risco de exclusión social.

e) Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego.

f) Incorporación de novas tecnoloxías da información e as comunicacións.

g) Utilización de recursos da zona.

h) Incidencia na creación e mantemento do emprego no contorno en que se desenvolve o proxecto.

i) Interese e adecuación aos obxectivos do proxecto Equal Compostela Social.

j) Contribución á mellora do ambiente.

k) Inexistencia doutros apoios públicos ou privados ao proxecto.

2. Estes criterios terán a mesma importancia, con independencia da orde en que figuran recollidos.

Décimo primeira.-Procedemento de concesión das axudas.

1. O procedemento para a concesión das axudas do programa regulado nestas bases tramitarase en réxime de concorrència competitiva ao cal se refire o artigo 78.8º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

2. A ordenación e instrución do procedemento corresponderá á Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo.

3. Unha vez efectuado o exame das solicitudes, estas serán sometidas a informe da comisión de avaliación, que emitirá un informe sobre cada un dos proxectos presentados valorándoos e puntuándoos de acordo cos criterios establecidos na base décima.

4. A comisión de avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o subdirector xeral de Apoio á Contratación e a Emprendedores.

Vogais:

-O xefe do Servizo de Apoio a Emprendedores.

-Un funcionario designado polo director xeral de Promoción do Emprego, que actuará como secretario da comisión.

-A coordinadora xeral do proxecto Equal Compostela Social.

-Un representante da Dirección Técnica da Agrupación de Desenvolvemento Compostela Social.

5. O réxime de funcionamento da comisión de avaliación axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Os informes da comisión de avaliación serán postos en coñecemento do comité director da Agrupación de Desenvolvemento Compostela Social para o seu informe preceptivo e non vinculante. Con toda a documentación, a comisión de avaliación formulará a proposta de concesión ao director xeral de Promoción do Emprego.

7. Aquelas solicitudes de axudas que, cumprindo todos os requisitos, non fosen resoltas favorablemente na primeira convocatoria por falta de crédito orzamentario suficiente, serán tidas en conta na segunda convocatoria, sempre que conste no expediente a solicitude do interesado neste sentido.

Duodécima.-Resolución e recursos.

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas pola comisión de avaliación, as resolucións serán ditadas polo director xeral de Promoción do Emprego, por delegación do conselleiro de Traballo, e deberán serlles notificadas aos inte-

resados. As resolucións de concesión ou de denegación, deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de tres meses que se computarán desde a data de presentación da totalidade da documentación no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra delas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A resolución favorable conterá a referencia a que a Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, no marco da iniciativa comunitaria Equal II, cofinancia a axuda concedida nunha porcentaxe do 75 por cento.

Décimo terceira.-Xustificación do pagamento.

De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación do orixinal ou copia compulsada, no prazo, nos termos e na forma que se estableza na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a que deberá figurar a relacionada nos puntos seguintes:

-Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a que se concedeu a axuda.

-De non achegarse coa solicitude: alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Economía e Facenda, alta no correspondente réxime da Seguridade Social do/a empresario/a e dos traballadores, e no caso de sociedades, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas.

-Xustificación dos gastos efectivamente realizados, mediante a achega das facturas ou documentación acreditativa da realización dos gastos subvencionables.

-Declaración complementaria da establecida na base sétima, letra n) do conxunto das axudas soli-

citadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos; ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións.

Décimo cuarta.-Incompatibilidades.

As axudas reguladas nestas bases non poderán ser, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de tal contía que superen o custo total da actividade subvencionada que vai desenvolver o beneficiario.

Décimo quinta.-Axudas baixo as condicións de *minimis*.

As axudas establecidas nestas bases quedan sometidos ao réxime de axudas de *minimis*, polo tanto non poderán exceder os límites cuantitativos (100.000 euros nun período de tres anos) establecidos no regulamento CE nº 69/2001 da Comisión da Unión Europea, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de *minimis* (DOCE nº L 10, do 13 de xaneiro de 2001).

Décimo sexta.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditar-se a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para darlle publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1159/2000, da Comisión, do 30 de maio de 2000, sobre actividades de información e publicidade.

d) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión

Europea, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, conforme a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Décimo sétima.-Modificación da resolución concesoria.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Décimo oitava.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, conforme a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e no artigo 19 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Décimo novena.-Seguimento e control.

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establecen nestas bases e na resolución de concesión.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo a función de control, así como da avaliación e seguimento deste programa.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nestas bases e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Os técnicos do programa Equal Compostela Social, que realizan os labores de acompañamento e asesoramento colaborarán nas actuacións de seguimento e avaliación das empresas unha vez iniciada a súa actividade.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO II



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE AXUDAS Á XERACIÓN DE ACTIVIDADE NO MARCO DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL COMPOSTELA SOCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR354A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
FORMA XURIDICA	DATA CONSTITUCIÓN	DATA ALTA NO IAE	
DOMICILIO SOCIAL		Nº INSCRICIÓN SS	
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO-FAX
PERCEPTOR PAGAMENTO UNICO PRESTACIÓN DESEMPREGO SI ☐ NON ☐			

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
EN CALIDAD DE			

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO			
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO-FAX

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos
b) Non concorren as causas de exclusión previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións
c) Comunicará ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo beneficiario e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
d) Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectúe a pola Consellería de Traballo e ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e no Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
e) Autoriza a obtención dos certificados establecidos na base sétima.5ª do programa de axudas.
f) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o rexistro público da Consellería de Economía e Facenda, edificio administrativo San Caetano S/N, 15781-Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a axuda na cantidade máxima que proceda consonte as bases reguladoras da convocatoria.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 25 de setembro de 2006 pola que se establecen as reguladoras do programa de axudas á xeración de actividade no marco da iniciativa comunitaria Equal Compostela Social cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(A cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAIDA

/ /

ANEXO IV

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL

I. DATOS PERSOAIS (CUBRIRANO TODOS/AS PROMOTORES/AS)

EXISTENTE

PROMOTOR 1

APellidos e Nome		DNI	
ENDEBIZO			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO Ó PROGRAMA EQUAL "COMPOSTELA SOCIAL"	

PROMOTOR 2

APellidos e Nome		DNI	
ENDEBIZO			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO Ó PROGRAMA EQUAL "COMPOSTELA SOCIAL"	

PROMOTOR 3

APellidos e Nome		DNI	
ENDEBIZO			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO Ó PROGRAMA EQUAL "COMPOSTELA SOCIAL"	

PROMOTOR 4

APellidos e Nome		DNI	
ENDEBIZO			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	
TELÉFONO	DATA DE NACEMENTO	COLECTIVO DE ACCESO Ó PROGRAMA EQUAL "COMPOSTELA SOCIAL"	

ANEXO III

PROGRAMA DE AXUDAS A XERACIÓN DE ACTIVIDADE
NO MARCO DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL COMPOSTELA SOCIAL

EXISTENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (BASE 8ª ORDE DA CONVOCATORIA)
(INDÍQUESE CUN "X" A QUE SE PRESENTA)

- ☐ NO CASO DE PERSOAS XURÍDICAS, DOCUMENTO DE IDENTIDADE E PODER SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA SOCIEDADE DO REPRESENTANTE QUE ASINE A SOLICITUDE (BASE 8ª a).
- ☐ DOCUMENTO DE IDENTIDADE E ACREDITACIÓN DO NIF, SE O SOLICITANTE É EMPRESARIO INDIVIDUAL, OU CIF, CANDO SE TRATE DE PERSOAS XURÍDICAS (BASE 8ª b).
- ☐ NO CASO DE SOCIEDADES, ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E INSCRICIÓN NO REGISTRO MERCANTIL OU, SE É O CASO, NO REGISTRO DE COOPERATIVAS OU, SE É O CASO, COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN E INSCRICIÓN NO PERÍODO QUE SE ESTABELEZA NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN (BASE 8ª c).
- ☐ ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS OU, DE SER O CASO, ALTA NO CENSO DE OBRIGADOS TRIBUTARIOS NO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA OU, SE É O CASO, COMPROMISO DE ALTA NO PERÍODO QUE SE ESTABELEZA NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN (BASE 8ª d).
- ☐ MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL E ESTUDO DE VIABILIDADE A TRES ANOS (MODELO ANEXO IV) (BASE 8ª e).
- ☐ FACTURAS OU, NO SEU DEFECTO, FACTURAS PRO FORMA OU ORZAMENTO DOS GASTOS SUBVENCIONABLES QUE SE VAIAN TER EN CONTA PARA A CONCESIÓN DA AXUDA (BASE 8ª f).
- ☐ DOCUMENTO DE IDENTIDADE DO EMPRESARIO/A E DOS TRABALLADORES (BASE 8ª g).
- ☐ ALTA NO CORRESPONDENTE RÉXIME DA SEGURIDADE SOCIAL DO EMPRESARIO/A E DOS TRABALLADORES OU, SE É O CASO, COMPROMISO PARA A XUSTIFICACIÓN DA ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL NO PERÍODO QUE SE ESTABELEZA NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN (BASE 8ª h).
- ☐ DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS PERÍODOS DE INSCRICIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO DO EMPRESARIO/A E OS TRABALLADORES (BASE 8ª i).
- ☐ INFORME DA VIDA LABORAL DA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, ACREDITATIVO DO TEMPO DE PERMANENCIA EN DESEMPREGO, DO EMPRESARIO/A E OS TRABALLADORES (BASE 8ª j).
- ☐ SE É O CASO, DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA PERTENZA A ALGÚN DOS COLECTIVOS DE DIFÍCIL INSERCIÓN LABORAL (BASE 8ª k).
- ☐ SE É O CASO, COPIA DOS CONTRATOS DE TRABALLO DOS TRABALLADORES (BASE 8ª l).
- ☐ INFORME DE EQUAL COMPOSTELA SOCIAL SOBRE A VALORACIÓN DO PROXECTO DOS REQUISITOS EXIXIDOS PARA FORMAR PARTE DO PROXECTO EQUAL (BASE 8ª m).
- ☐ DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE, PERANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU OUTROS ENTES PÚBLICOS, SEGUNDO O MODELO DO ANEXO V DESTA ORDE, CON INDICACIÓN DE QUE CONECE AS REGLAS DE MÍNIMOS DE ACUMULACIÓN DE SUBVENCIONS ESTABLECIDAS NO REGULAMENTO CE 69/2001 DO 12 DE XANEIRO DO 2001 (BASE 8ª n).
- ☐ FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA, SEGUNDO O MODELO DO ANEXO VI (BASE 8ª ñ).

* A documentación esixida na base 8ª ten que presentarse xunto coa solicitude

2. DESCRIPCIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL

2.1. DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

2.2. DATOS DO PROXECTO

NOME DA EMPRESA		CIF	
ENDEREZO SOCIAL			
CALLE/AV. DE		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX	DATA PREVISTA DE INICIO DAS ACTIVIDADES	
FORMA DE APOIO/A			

2.3. CREACIÓN DE EMPREGO

NÚMERO DE POSTOS DE TRABAJO CREADOS		INDIQUE COLECTIVO/INDIVIDUALES (SI, MINUSVALIDOS, MUJERES...)
☐ Socios promotores	☐ Non socios	

3. PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

PLAN DE INVERTEMENTOS E FINANCIAMENTO INICIAL

PLAN DE INVERTEMENTOS		TOTAL	
Concepto	Gasto	IVE	TOTAL
Gastos de constitución e posta en marcha			
Patentes e marcas			
Fondo de comercio			
Dereitos de traspaso			
Aplicacións informáticas			
Terreos			
Locais e edificacións			
Gastos de acondicionamento			
Elementos de transporte			
Maquinaria e instalacións			
Equipos informáticos			
Mobiliario			
Ferramenta e outros útiles			
Depositos e fianzas constituídas			
Materias primas e mercadorías			
Provisión de fondos			
TOTAL INVERTEMENTO			

CÁLCULO DA AMORTIZACIÓN			
Concepto	A amortizar	Anos	Cota anual
Gastos de constitución			
Amortización de gastos			
Dereitos de traspaso			
Aplicacións informáticas			
Outro inmovilizado inmaterial			
Amortización de inmovilizado inmaterial			
Locais e edificacións			
Gastos de acondicionamento			
Elementos de transporte			
Maquinaria e instalacións			
Equipos informáticos			
Mobiliario			
Ferramenta e outros útiles			
Amortización de inmovilizado material			
Total cota amortización anual			
PLAN DE FINANCIAMENTO			
Concepto	Importe		
Achegas dos socios/s			
Préstamos			
Subvencións			
Outros			
TOTAL			

CONTA DE RESULTADOS PROVISIONAL			
CONCEPTO	ANO 1	ANO 2	ANO 3
Ingresos			
Vendas ou prestación de servizos			
Outros ingresos			
Gastos variables			
Gastos por compras			
Outros gastos variables			
Gastos de persoal			
Anticipos dos socios			
Saldos e salarios			
Seguridade Social			
Servizos exteriores			
Aluguer			
Material de oficina			
Ss. profesionais independentes (asesoría, ...)			
Primas de seguros			
Subministracións (auga, electricidade, gas, ...)			
Gasto teléfono			
Publicidade, imprenta, propaganda ...			
Transportes			
Servizos bancarios			
Cota de leasing / renting			
Reparacións, conservación e outros			
Tributos			
IAE			
Lixo			
Gastos financeiros			
Outros (desconto, tarxetas, ...)			